# II CONCURSO DE AMBIENTACIÓN NAVIDEÑA CIDADE DE SANTIAGO

2012

CONCELLO DE SANTIAGO

II CONCURSO DE AMBIENTACIÓN NAVIDEÑA CIDADE DE SANTIAGO

2012



# OBXECTO E PARTICIPACIÓN

**PRIMEIRA. Obxecto.** Con obxecto de promocionar as manifestacións de arraigamento e tradición popular típicas das celebracións do Nadal, o Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela convoca o II Concurso de Ambientación Navideña Cidade de Santiago.

**SEGUNDA. Categorías de Participación.** Defínense dúas categorías de participación: comercio e hostalería.

**TERCEIRA. Participantes.** Poderán participar e inscribirse calquera establecemento comercial e de hostalería local legalmente constituído.

# II CONCURSO DE AMBIENTACIÓN NAVIDEÑA CIDADE DE SANTIAGO

2012

## INSCRICIÓN E MOSTRA

**CUARTA. Inscrición.** A inscrición realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao seguinte enderezo **comercio@santiagodecompostela.org**, no que se farán constar os seguintes datos: nome comercial, enderezo postal, enderezo de correo electrónico, teléfono de contacto, NIF (no caso de autónomos) /CIF (no caso de empresas), enderezo postal do establecemento a ambientar, e horario de apertura durante as festas do Nadal. Como archivo adxunto, achegaranse as fotografías do establecemento ambientado.

**QUINTA. Prazo de inscrición.** A data tope de inscrición é o 14 de decembro de 2012.

**SEXTA.Mostra.** O Concello exporá na páxina web municipal **www.santiagodecompostela.org** unha mostra da ambientación presentada a concurso.

# XURADO

**SÉTIMA. Xurado.** O xurado, que visualizará as fotografías remitidas polos participantes, estará composto por: tres representantes do Concello, un representante da Asociación de Hostalería local (na categoria “hostalería”), e un representante de cada unha das asociacións de comerciantes da cidade (na categoria “comercio”). Actuará como secretaria a persoa funcionaria en quen eventualmente se delegue.

O xurado entenderase validamente constituído pola asistencia da maioria dos seus membros.

O fallo do xurado será inapelable, podendo declarar deserto todos ou cada un dos premios previstos.

O resultado do concurso farase público na páxina web do Concello de Santiago de Compostela o día 19 decembro. Terá lugar ademais unha recepción no Pazo

# II CONCURSO DE AMBIENTACIÓN NAVIDEÑA CIDADE DE SANTIAGO

2012



de Raxoi en homenaxe aos premiados onde se lles fará entrega da figura “Compostrela” o día 21 de decembro pola mañá.

**OITAVA. Criterios de avaliación.** O xurado terá en conta para a valoración dos belenes inscritos a creatividade, orixinalidade, laboriosidade, riqueza artística, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e o esforzo pola concienciación ambiental á hora de desenvolver os proxectos. Así mesmo, avaliarase negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio e o espíritu das celebracións do Nadal.

Cada membro asistente outorgará a cada un dos belenes unha puntuación entre cero e dez puntos. A valoración final de cada belén obterase dividindo a suma total de puntuacións entre o número de asistentes, resultando gañador de cada categoría aquel belén que obteña unha maior puntuación global.

**NOVENA. Premios.** Establécese un primeiro, segundo e tercer premio para cada unha das dúas categorías propostas (a saber: comercio e hostalería). Os premios consistirán nunha mención, especialmente deseñada para os distintos premios co nome de "Compostrela" e unha campaña de comunicación en medios de comunicación locais.

CONCELLO DE
SANTIAGO